

## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** As Leis 39/2015 e 40/2015 do Procedemento Administrativo Común (LPAC) e do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)

**GRUPO:** Servizo EIP EGAP

**ÁREA:** Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	42
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES CI XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2016
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	SUPERIOR	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 20/10/2016 - 08:00h ao 27/10/2016 - 23:00h

**RESPONSABLE:** []

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRIPCIÓN CURSO

O obxectivo do curso é a análise e estudo das reformas do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común operadas polas novas leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Preténdese que o alumnado coñeza as principais novidades que achegan estas leis e a súa incidencia, entre outros, na organización e o funcionamento da Administración, o réxime xurídico dos convenios, a responsabilidade patrimonial das administracións públicas, os recursos administrativos, a tramitación electrónica dos procedementos e os dereitos das persoas nas súas relacións coa Administración.

### DESTINATARIOS

De acordo co disposto na base 4 da convocatoria:

O curso está dirixido a aqueles profesionais que se encadren nalgunha das situacións seguintes:

4.1. Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.

4.2. Pertencer aos grupos I e II do persoal laboral.

4.3. No caso de non cubrirse a totalidade das prazas convocadas polos destinatarios referidos na base 4.1 e 4.2, as vacantes que resulten poderán cubrirse por persoal contratado polas administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente así como cargos electos, profesionais que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico.

### PROGRAMA

O curso estrutúrase en 3 módulos nos que se tratarán, entre outros, os seguintes temas.

- As novas Leis do procedemento administrativo común e de réxime xurídico do sector público. Ámbito de aplicación, principios xerais e entrada en vigor.
- Principios e réxime dos órganos administrativos. En especial, os órganos colexiados.
- A organización da Administración xeral do Estado. En especial, a reconfiguración do sector público institucional estatal.
- Réxime dos convenios e relacións interadministrativas.
- A potestade sancionadora da Administración na nova lexislación de réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común.
- A responsabilidade patrimonial das administracións públicas na Lei 40/2015 e as especialidades do seu procedemento na Lei 39/2015.
- A configuración dos dereitos das persoas nas súas relacións coa Administración pública na Lei 39/2015, do 1 de outubro. Especial referencia aos rexistros e á lingua no procedemento administrativo.
- Os prazos na Lei 39/2015. Cómputo. Os prazos para resolver nos procedementos de oficio e a instancia dos interesados: caducidade e silencio administrativo.

- A tramitación electrónica dos procedementos administrativos na nova Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas. Identificación e firma electrónica dos interesados. O rexistro electrónico de apoderamientos. As solicitudes electrónicas. Os documentos electrónicos e as súas copias. O expediente electrónico.
- A resolución administrativa: motivación e notificación. Especial referencia ás notificacións electrónicas.
- A eficacia dos actos administrativos e a súa execución na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común. A nulidade e anulabilidade
- A revisión de oficio e a revogación dos actos administrativos.
- Os recursos administrativos na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- A iniciativa legislativa e a potestade regulamentaria.
- Retos que expón a aplicación da nova lexislación de réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común nas entidades locais.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data de presentación das solicitudes.

## 3. DATOS EDICIÓN

### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 02/11/2016 a 22/12/2016

**NUM. PRAZAS:** 100

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

JOSE ESTEVE PARDO

ROBERTO ORLANDO BUSTILLO BOLADO

LUIS MIGUEZ MACHO

JULIO GONZÁLEZ GARCÍA

MARCOS ALMEIDA CERREDA

ALEJANDRO HUERGO LORA

ENRIQUE ALVAREZ ROMERO

María Isabel Novo Castro

VICTOR ALMONACID LAMELAS

SANTIAGO VALENCIA VILA

NATALIA SOLAR JIMENO

ORLANDO PEÑAS GONZALEZ

RICARDO RIVERO ORTEGA

CARLOS ABUIN FLORES

ANA MARÍA LÓPEZ GUIZÁN

FRANCISCO VELASCO CABALLERO

#### LUGAR DE REALIZACIÓN

**SALON DE ACTOS:** Os días 02, 03, 09, 10, 16, 17, 23, 24 e 30 de novembro de 16:30 a 19:30. Os días 01, 14, 15, 21 e 22 de decembro de 16:30 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA